

# *IV Xornadas sobre Síndrome de Down:*

## *unha vida, unha realidade*

---



### **PRESENTACIÓN E INFORMACIÓN XERAL**

Dende o ano 1996 a Asociación Down Lugo ven traballando para que as persoas con síndrome de Down, e con discapacidade intelectual en xeral, poidan acadar unha situación de normalidade como membros activos e de pleno dereito da sociedade na que viven. Tendo en conta a importancia da etapa escolar neste proceso integrador, un ano mais decidimos organizar as "IV XORNADAS SOBRE SÍNDROME DE DOWN: UNHA VIDA, UNHA REALIDADE" coa idea de seguir contribuíndo a mellorar a situación escolar dos alumnos/as con discapacidade.

Os obxectivos que nos marcamos nestas Xornadas son, por unha banda, dar a coñecer o traballo que se está a levar a cabo no eido da educación das persoas con discapacidade (particularmente con síndrome de Down) na nosa Comunidade, e por outra banda, favorecer o intercambio de experiencias na práctica docente, e facilitarlles ós profesionais e ós pais e nais ferramentas de traballo para a educación dos nenos/as e mozos/as con síndrome de Down.

Convidamos a todo o profesorado, especialmente ó da nosa Comunidade, a participar activamente nestas Xornadas. Dende a Asociación Down Lugo dámosvo-la benvida.

### **RELATORES**

- D. Juan Perera Mezquida  
*Doctor en Psicoloxía. Director do Centro Príncipe de Asturias (ASNIMO).  
Universidade das Illas Baleares.*
- D. José Rodríguez Díaz  
*Psicólogo. Especialista en atención a persoas con discapacidade na empresa  
"Mayores Servicios Sociales".*

- Dona Daniela Rocha Pato  
*Mestra de educación infantil. EEI Cividán, Mera (A Coruña).*
- Dona Eloísa Teijeira Bautista  
*Psicopedagoga. Orientadora en educación secundaria. CPI Ribeira-Torneiros (Porriño).*
- Dona Elisa Larrañaga  
*Psicóloga. Profesora da Facultade de Psicopedagogía da Universidade de Castela a Mancha*
- D. Alberto López Gómez  
*Pedagogo. Coordinador Programa de Autonomía Personal e Habilidades Sociais de Down Lugo*
- D. Francisco García Rancaño, D. David Sahagún Prado, Dona Claudia Barral Mendoza, Dona Isabel García García, Dona Pilar García Vilanova, Dona Ma Jesús Pena Gómez  
*Mozos e mozas de Down Lugo participantes no citado Programa.*
- Dona Mita Adriana Beutel Schiffer  
*Profesora de Música e Expresión Corporal de Down Coruña.*
- Zaida Louzao Copa  
*Mestra. Técnico de Emprego de Down Lugo.*
- Dona María Jesús Pena Gómez  
*Moza con síndrome de Down empregada do Gran Hotel Lugo*

## PROGRAMA

### Venres 8 de abril

- 16.00 Entrega de documentación
- 16:30 Acto inaugural
- 17:00 Conferencia inaugural: Un futuro prometedor xuntos: pais, profesionais, persoas con síndrome de Down, sociedade.**  
*Dr. Juan Perera Mezquida*
- 18:30 Descanso
- 19:00 Presentación do vídeo editado pola Federación Down Galicia Conferencia: Un proxecto de vida: educando na responsabilidade.**  
*D. José Rodríguez Díaz*
- 20:30 Fin da xornada

### Sábado. 9 de abril

- 9:30 Conferencia: Contidos educativos alcanzables para un neno con síndrome de Down.**  
*Dr. Juan Perera Mezquida*
- 11:00 Experiencia: Experiencia de aula en educación infantil: somos diferentes.**  
*Dona Daniela Rocha Pato*
- 12:00 Experiencia: Proxecto didáctico: unha vida por diante.**  
*Dona Eloísa Teijeira Bautista*

14:00 Descanso

**16:00 Experiencia: Guía de animación á lectura para alumnos con necesidades educativas especiais: "El hombrecillo de papel".**

*Dona Elisa Larrañaga*

**17:00 Experiencia: Programa de Habilidades Sociais. Duro traballo o camiño a unha realidade.**

*D. Alberto López Gómez e usuarios do programa*

18:00 Descanso

**18:30 Experiencia: A realidade en movemento.**

*Dona Mita Adriana Beutel Schiffer*

**19:30 Experiencia: Programa de Integración Laboral: emprego con apoio. Unha experiencia persoal.**

*Dona Zaida Louzao Copa e Dona María Jesús Pena Gómez*

20:30 Acto de clausura